

**Bases para o concurso de cuartetos tradicionais**  
**“XI Concurso de Cuartetos Tradicionais”**  
**(Luou – Teo)**

1.-Poderán participar cuartetos tradicionais, compostos unicamente por:

- Dúas gaitas, tamboril e bombo (quedarán excluídas gaitas marciais e percusións con parche de plástico).

Todos os grupos participantes deberán ir vestidos co traxe tradicional, que non deberán quitarse ata o final do concurso.

Queda prohibido que os participantes concursen con máis dun grupo.

2.-Establécese unha única categoría sen límite de idade.

3.-As pezas a interpretar poderán ser Tradicionais ou de Autor , e deberán seguir os canons de estilo, estética e ritmo da música para cuartetos tradicionais galegos.

4.-O Xurado valorará os seguintes puntos :

- Afinación, percusión, dificultade das pezas, interpretación e estética.

O Xurado será seleccionado pola Organización e o seu fallo será inapelable.

5.-O Concurso celebrarase o día 22 de Outubro de 2017 no Edificio Social de Luou, Teo.

O concurso só terá lugar sempre e cando se reunan un mínimo de cinco grupos participantes.

Admitirase un número máximo de 20 grupos, que serán seleccionados por rigorosa orde de inscrición.

O Concurso terá unha fase previa, na que os participantes interpretarán unha peza de libre elección (3), cun tempo máximo de 5 minutos de duración cun límite máximo de 3 minutos para a afinación, unha vez posicionados no escenario.

A fase previa terá lugar ás 12 do mediodía, e unha vez rematada, o Xurado seleccionará 8 grupos que pasarán á fase final.

A fase previa non se celebrará senón se supera o número de 12 grupos inscritos.

A fase final comezará ás 18 horas. Unha vez situados no escenario, os grupos finalistas disporán de 3 minutos para a afinación de gaitas. Rematado este tempo, o cuarteto será avisado e comezarán a interpretación das dúas pezas elixidas, cun tempo máximo de 8 minutos e un mínimo de 5, incluído o tempo entre elas

A orde de actuación nas dúas fases determinarase mediante sorteo previo realizado pola organización.

6.-A data tope de inscrición será o día 18 de Outubro de 2017.

A folla de inscrición debidamente cuberta, deberá ser enviada á seguinte dirección postal :

**A. C. A Mámoa**  
**"Concurso de Música Tradicional"**  
**A Igrexa, 18 - Luou**  
**15883 - Teo**

Tamén poderán ser enviadas por e-mail a:

[acamamoa@gmail.com](mailto:acamamoa@gmail.com)

As bases e fichas de inscrición poderán ser descargadas dende:

<http://amamoa.atwebpages.com>

<http://www.facebook.com/acamamoa>

7.-A Organización comunicaralle por teléfono a súa inclusión no concurso aos grupos seleccionados.

8.-A Organización establece 3 premios:

1º Premio - 1.000 € + Agasallo conmemorativo

2º Premio - 600 € + Agasallo conmemorativo

3º Premio - 400 € + Agasallo conmemorativo

9.-Aqueles casos non contemplados nestas bases serán decididos polo Xurado, e a súa decisión será inapelable.

10.-O grupo gañador do concurso repetirá unha das pezas da final, dándose así por rematado o concurso.

11.-A inscrición no concurso implica a total aceptación destas bases.

#### Observacións

- Os grupos participantes deberán presentarse no Edificio Social de Luou 1 hora antes do comezo de cada unha das fases.
- A Organización resérvase os dereitos de gravación de todos os temas interpretados no concurso.

Contacto:

[acamamoa@gmail.com](mailto:acamamoa@gmail.com)

<http://amamoa.atwebpages.com>

<http://www.facebook.com/acamamoa>

Telf.: 615 543 371 (Miguel) / 657 247 504 (Xandre)